



1. DATOS IDENTIFICATIVOS DA DISCIPLINA

CÓDIGO	
MATERIA	Dramaturxia
DISCIPLINA	DRAMATURXIA I
TITULACIÓN	Grao en Ensinanzas Artísticas Superiores en Arte Dramática
ESPECIALIDADE	Escenografía
CURSO	3º (1º cuatrimestre)
CRÉDITOS ECTS	3
CARÁCTER	Obrigatorio
DEPARTAMENTO	Dirección escénica e dramaturxia
CENTRO	ESAD de Galicia
COORDINACIÓN	Afonso Becerra Arrojo
DOCENTE	Nome e apelidos: Vanesa Martínez Sotelo Horario titorías: Despacho: Dirección escénica e dramaturxia Contacto: vanesa.martinez.sotelo@edu.xunta.gal
DESCRIPCIÓN	Principios xerais de dramaturxia. Análise das diversas formas de espectáculo (incluído o espectáculo audiovisual). Análise da estrutura dramática e das convencións que operan nunha obra ou espectáculo, a acción, o xénero, a caracterización, o ritmo, así como as implicacións de elementos de produción tales como o vestuario, a escenografía ou a iluminación. Principios de análise e creación de personaxes.
COÑECEMENTOS PREVIOS	
LINGUA EN QUE SE IMPARTE	Galego <input checked="" type="checkbox"/> Castelán <input type="checkbox"/> Inglés <input type="checkbox"/> Portugués <input type="checkbox"/>

2. COMPETENCIAS

COMPETENCIAS TRANSVERSAIS DE GRAO

T1	Organizar e planificar o traballo de forma eficiente e motivadora.
T2	Recoller información significativa, analizala, sintetizala e xestionala adecuadamente.
T3	Solucionar problemas e tomar decisións que respondan aos obxectivos do traballo que se realiza.
T4	Utilizar eficientemente as tecnoloxías da información e da comunicación.
T7	Utilizar as habilidades comunicativas e a crítica construtiva no traballo en equipo.
T8	Desenvolver razoada e criticamente ideas e argumentos.
T13	Buscar a excelencia e a calidade na súa actividade profesional.

COMPETENCIAS XERAIS DA TITULACIÓN

X3	Potenciar a conciencia crítica, aplicando unha visión crítica construtiva ao traballo propio e ao dos demais, edesenvolvendo unha ética profesional que estableza unha relación adecuada entre os medios que utiliza e os fins que persegue.
-----------	--



X5	Fomentar a expresión e a creación persoal, integrando os coñecementos teóricos, técnicos e prácticos adquiridos; mostrando sinceridade, responsabilidade e xenerosidade no proceso creativo; asumindo o risco, tolerando o fracaso e valorando de maneira equilibrada o éxito social.
X7	Valorar a Arte Dramática como unha actividade integrada na sociedade e na cultura galegas, coas que comparte obxectivos e retos.
X8	Vincular a propia actividade teatral e escénica a outras disciplinas do pensamento científico e humanístico, ás artes en xeral e ao resto de disciplinas teatrais en particular, enriquecendo o exercicio da súa profesión cunha dimensión multidisciplinar.
COMPETENCIAS ESPECÍFICAS DA ESPECIALIDADE	
EE5	Estudar para concibir e fundamentar o proceso creativo persoal, tanto no que se refire ás metodoloxías de traballo como á renovación estética.
EE6	Estudar o feito escénico a partir de diferentes métodos e coñecer aspectos básicos na investigación escénica.

3. OBXECTIVOS DA DISCIPLINA	COMPETENCIAS VINCULADAS
1. Definir e aclarar que é a dramaturxia e cales son os seus ámbitos específicos.	T2. X7. X8. EE5. EE6.
2. Deslindar e definir a terminoloxía fundamental dramatúrxica.	T13. X3. X8. EE5. EE6.
3. Coñecer os elementos principais que configuran a linguaxe escénica e que determinan as elaboracións e procesos dramatúrxicos.	T1. T4. X3. X7. EE5. EE6.
4. Analizar as relacións entre dramaturxia, espectáculo e recepción no teatro e audiovisual.	T1. T4. X3. X7. EE5. EE6.
5. Coñecer os piares sobre os que se asenta o modelo dramático de base aristotélica.	T4. X3. X8. EE5. EE6.
6. Iniciarse no adestramento e dominio dos modos básicos de análise e composición dramatúrxica desde a perspectiva textual e escénica.	T2. T3. T7. T8. T13. X3. X5. X8. EE5. EE6.

4. CONTIDOS		
TEMAS	SUBTEMAS	SESIÓNS
1. A dramaturxia.	1.1. Definición, conceptos e disciplina. 1.2. Orixes e funcións. 1.3. Exemplos históricos e contemporáneos.	2h
2. O traballo na dramaturxia.	2.1. Dramaturga/o: definición, funcións e exemplos. 2.2. Dramaturxista: definición, funcións e exemplos.	2h
3. Dramaticidade, teatralidade e literariedade.	3.1. A forma dramática: definición, conceptos e procedementos. 3.2. Teatralidade: definición, conceptos e procedementos. 3.3. Literariedade: definición, conceptos e procedementos.	2h
4. Composición dramatúrxica.	4.1. Elementos de significación dramatúrxica: análise e práctica. 4.2. Tipoloxías estruturais: funcións e deseño. 4.3. Modalidades de composición dramatúrxica: drama aristotélico, peza paisaxe, dramaturxias performativas. 4.4. A dramaturxia da recepción.	4h



5. A acción dramática.	5.1. Definición e tipoloxías. 5.2. A fábula: construción da trama de accións. 5.3. Tensores dramáticos: o ritmo. 5.4. O esquema actancial: suxeito, obxecto, axudante, opoñente, destinador, destinatario.	4h
6. A estrutura.	6.1. Estrutura dramática interna: tipoloxías. 6.2. Estrutura dramática externa: unidade, divisións e secuenciacións. 6.3. As didascalias: tipoloxías e utilización.	4h
7. A personaxe.	7.1. Sentido e valor. 7.2. Tipoloxías e funcións. 7.3. A voz e o discurso do personaxe: diálogo, monólogo e soliloquio. 7.4. O corpo do personaxe en relación co espazo e co tempo. 7.5. A construción da personaxe: anhelos, razóns e motivacións.	4h
8. Configuración temporal.	8.1. Tempo da historia e tempo do discurso. 8.2. Tipoloxías temporais: dramático, escénico e ficcional. 8.3. Secuenciación temporal. Continuidade e fragmentación.	4h
9. Configuración espacial.	9.1. Espazo da historia e do discurso. 9.2. Tipoloxías espaciais: dramático, escénico, ficcional. 9.3. Interaccións co obxecto escénico, personaxe, luz e son. 9.4. Relacións co tempo e coa acción.	4h
10. Escrita dun texto dramático segundo o modelo aristotélico.	10.1. Análise e consulta de referentes. 10.2. Desenvolvemento dunha peza dramática. 10.3. Análise sobre a poética e a praxe da peza.	15h
TOTAL SESIÓNS		45h

5. PLANIFICACIÓN DOCENTE

Actividade / Número de horas	Presencial (horas)	Non presencial (horas)	Total
Actividades introdutorias	2	2	4
Exposición maxistral	3	6	9
Exposición práctico-teórica	15	15	30
Práctica individual	15	15	30
Práctica colectiva	8	3	11
Titorías individuais	1		1
Actividades de avaliación. Probas			
Actividades de avaliación. Presentacións / mostras	1	4	5
Actividades de avaliación. Revisión			
TOTAL	45h	45h	90h
PORCENTAXE	50%	50%	100%



6. PLANIFICACIÓN DOCENTE E METODOLOXÍAS DE ENSINANZA E APRENDIZAXE

Actividades	Descrición
Exposición maxistral introdutoria sobre a dramaturxia.	Definición dos termos básicos da disciplina. Explicación da etimoloxía, as orixes, as funcións e atribucións profesionais. Percorrido histórico polos fitos da dramaturxia, tanto no relativo ao exercicio profesional e artístico como á súa evolución teórica e práctica.
Exposición práctico-teórica.	Exposición de contidos con exemplos e exercicios prácticos. Reflexión sobre os elementos traballados.
Prácticas de análise dramaturxica de textos dramáticos.	Análise dos elementos constituíntes dunha peza dramática. Análise das estruturas discursivas, narrativas, actanciais e ideolóxicas.
Prácticas de composición dramaturxica e escénica.	Posta en xogo dos elementos dramaturxicos e escénicos a partir da análise dramaturxica e da hipótese de lectura.

7. ATENCIÓN PERSONALIZADA

Seguimento	Farase un seguimento personalizado integrado no traballo conxunto do grupo, facendo unha análise de cada caso específico e resolvendo cada casuística do xeito máis adecuado. <i>Tutoría presencial</i> : O alumnado ten un período de atención personalizada en horario non lectivo.
Orientación	Orientación respecto ás dúbidas e inqedanzas que xurdan en cada caso. <i>Tutoría electrónica</i> : O alumnado pode manter contacto permanente co profesor a través do correo electrónico.

8. FERRAMENTAS DA AVALIACIÓN

O alumnado deberá establecer unha comunicación previa coa docente, mínimo seis semanas antes da data do exame, para aclarar e concretar a estrutura e as particularidades do seu exame.

8.1 Avaliación ordinaria

Ferramenta / actividade	Competencias avaliadas	Ponderación
Seguimento diario.	T1. T4. T7. X7. X8. T8. EE6	10%
Exercicios parciais de análise.	T3. T8. X3. EE5	20%
Exercicios parciais de deseño e composición dramaturxica.	T3. T8. X5. EE5.	20%
Exercicio final de análise e composición dramaturxicas da peza dramática pactada co docente. Presentación do caderno de dramaturxia, o cal incluirá o texto final cunha reflexión da poética do mesmo	T1. T2. T3. T4. T7. T8. T13. X3. X5. X7. X8. EE5. EE6.	50%

8.2. Avaliación extraordinaria

Ferramenta / actividade	Competencias avaliadas	Ponderación
Exame con exercicios parciais de análise e composición dramaturxicas.	T3. T8. X3. X5. EE5.	50%
Exercicio final de análise e composición dramaturxica da peza dramática pactada co docente. Presentación do caderno de dramaturxia, o cal incluirá o texto final cunha reflexión da poética do mesmo.	T1. T2. T3. T4. T7. T8. T13. X3. X5. X7. X8. EE5. EE6.	50%



8.3 Avaliación específica para alumnado sen avaliación continua / ordinaria / extraordinaria

Ferramenta / actividade	Competencias avaliadas	Ponderación
Exame con exercicios parciais de análise e composición dramaturxica. Proba escrita.	T3. T8. X3. X5. EE5.	60%
Exercicio final de análise e composición dramaturxica dunha peza dramática pactada co docente. Presentación do caderno de dramaturxia, o cal incluirá o texto final cunha reflexión da poética do mesmo.	T1. T2. T3. T4. T7. T8. T13. X3. X5. X7. X8. EE5. EE6.	40%

9. BIBLIOGRAFÍA, MATERIAIS E OUTROS RECURSOS

REFERENCIAS BÁSICAS

- Aristóteles (2013): *Poética*, Madrid, Alianza Editorial.
- Becerra de Becerreá, Afonso (2007): *Dramaturxia. Teoría e práctica*, Vigo, Galaxia.
- Cardullo, Bert (2003): *Leccións de dramaturxia*, Vigo, Galaxia.
- Doménech, Fernando (2017): *Manual de dramaturgia*, Universidad de Salamanca.
- Lavandier, Yves (2003): *La dramaturgia. Los mecanismos del relato: cine, teatro, ópera, radio, televisión, cómic*, Madrid, Ediciones Internacionales Universitarias S.A.
- Mayorga, Juan (2019): *Silencio. Razón del teatro*, Segovia, La Uña Rota.
- Sanchis Sinisterra, José (1995): *Por una dramaturgia de la recepción*, Madrid, ADE Teatro.
- Ubersfeld, Anne (2003): *El diálogo teatral*, Bos Aires, Galerna.

REFERENCIAS COMPLEMENTARIAS

- Calonge, Eusebio (2018): *Orientaciones en el desierto. Itinerarios para materializar lo invisible en la creación teatral*, Bilbao, Artezblai.
- Castanheira, José Manuel (2014): *Desenhar nuvens. Manual de sobrevivência de um Cenógrafo*, Casal de Cambra, Caleidoscópico_Edição e Artes Gráficas, SA.
- Danan, Joseph (2012): *Qué es la dramaturgia y otros ensayos*, Paso de Gato.
- Duras, Marguerite (2000): *Escribir*, Barcelona, Tusquets.
- Pavis, Patrice (1998): *Diccionario del teatro. Dramaturgia, estética, semiología*, Barcelona, Paidós.
- Szondi, Peter (2011): *Teoría del drama moderno (1880-1950). Tentativa sobre lo trágico*, Madrid, Dykinson.

10. OBSERVACIÓNS / RECOMENDACIÓNS